

VITOR VAQUEIRO, ESCRITOR

“A miña preocupación polo galego é un combate político contra a lingua que nos intenta eliminar”

CARME VIDAL 17 Maio 2015 09:34 h.



Con *Palavras a Espártaco* o escritor Vitor Vaqueiro inaugura un camiño novo logo de máis de trinta e cinco anos de escrita. Non só muda a normativa oficial pola reintegracionista senón que, tamén por esa razón, vése na obriga de mudar de editorial, desde Galaxia na que publicou por vez primeira en 1980 *Informe da gavilla* a Através no que agora ve a lus este novo libro, escrito desde a ira e o desexo de vinganza diante a inxustiza dos nosos tempos, á maneira dun contemporáneo Espártaco.

-Vinteseis anos despois de *A cámara de néboa* e doce desde o compilatorio *Traxectorias*. *Obra poética (1977-2002)* no que inclúe poemas inéditos aparece un novo libro seu de poesía, xénero no que se iniciou na escrita.

Efectivamente. Estou sen escribir poemas uns anos desde 1989. Despois de *A cámara de néboa* comezo a escrita do que se ía chamar *A fenda no horizonte*, un único poema que tiña como fío condutor a volta dos exiliados despois da semicaída da ditadura. Tiña concibido ese libro como un poema único duns mil versos dividido en tres partes mais, cando remato a primeira, duns 350 versos, acontece que non consigo

seguir escribindo. Entendo que non teño máis que dicir e comezo a navegar cara a narrativa e veñen entón dous libros de relatos breves. En realidade o silencio non é tan longo xa que desde o 89 recomezo a escribir poesía o 15 de marzo de 1997, en realidade é unha parada poética duns oito anos. Que pasa desde entón? Que non teño urxencia de publicar. Ese 15 de marzo comezo *Teoría do coñecemento*, poemas en prosa que continúo a escribir e que agora deben ser por volta de corenta que relacionan poesía, ciencia e filosofía. O que acontece é que aínda non o dou por rematado. *Palavras a Espártaco* meteuse no medio e *Teoría* ... ficou aparcado, ao igual que un libro de relatos brevísimos. O silencio é de 89 a 97 e tampouco ten tanta relevancia. Cavafis non publicou nada en vida e repartía os poemas entres os seus amigos. Cando morre as carpetas estaban todas ordenadas, prontas para a súa publicación.

"A indignación, as ganas de vinganza son tan grandes que non hai palabras para expresalo. A metáfora é esencial na vida, non na do poeta senón na de todos nós".

-Tamén vostede ten moitas carpetas inéditas?

Non. Termino e publico mais non me marco grandes metas. Son do modelo do que fala Paul Valery, ese tipo de autores que non considera o poema nunca acabado senón en proceso de construción permanente. Se puidera, refaría os libros xa publicados. E da mesma maneira que noutro momento dixen que a poesía non daba máis agora dígoo da narrativa. Tiña previsto escribir unha novela e decidín non facelo e, posibelmente, o seu tema se converta en poesía. Agora síntome máis cómodo na poesía e na axitación social.

-Que motiva entón que se encamiñe a un ou outro xénero?

Que vas cambiando, tanto as coordenadas nas que te moves como a forma na que ves o mundo. Ademais, do que se fala, o fondo, determina a forma. Non sería capaz de escribir, poño por caso, narrativa sobre as condicións de vida actuais e menos sobre a figura de Espártaco, sobre o que hai xa unha grande novela. A indignación, as ganas de vinganza son tan grandes que non hai palabras para expresalo. A metáfora é esencial na vida, non na do poeta senón na de todos nós.

-Que fai que rompa ese silencio lírico de cara ao público? Precisou erguer a voz nunha situación de emerxencia?

Cando tiña vinte anos, na ditadura, sabíamos que o Estado era o instrumento dunha clase, mais o que nunca evidenciara é a situación que se dá no presente, cuns cantos enriquecéndose de maneira descarada ao tempo que imparten doutrina e con casos como o de Rato, o propio ministro de economía metido a ladrón. As crises sacan a relucir moitas misérias e ao tempo que sae á luz a corrupción ves situacións dramáticas, xente que se aforca polas condicións extremas de vida, familias desafiuzadas que teñen que abandonar a súa casa co colchón ás costas... sempre se viron imaxes deste tipo, mais eran marxinais. Agora están tamén na clase media. Ves a mentira, a desfachatez absoluta duns cantos que están a roubar mentres a xente pasa fame. Son realidades coñecidas mais que nun momento determinado se manifestan todas xuntas e tórnanse insoportábeis.

-Ira, rabia, desprezo, vinganza... é o campo semántico que conduce a súa escrita?

Neste caso é. Sempre hai un pensamento previo á escrita. Vinganza, odio, xenreira, vontade de xustiza, reflexión sobre o territorio... e iso tamén condiciona. Trátase, en definitiva, do desexo de comprender o mundo. Neste sentido, *A fraga prateada* é unha reflexión sobre o mito, *Informe da gavilla* sobre os bandoleiros e *Os espellos do tempo* sobre o Vigo da miña infancia e adolescencia.

"Se queres mudar a realidade non escribes poesía, actúas politicamente. A poesía é como o gaiteiro que acompaña o rexemento".

-Nalgún momento do libro deixa ver que opta pola poesía pola imposibilidade de facer xustiza doutra maneira.

Se queres mudar a realidade non escribes poesía, actúas politicamente. A poesía é como o gaiteiro que acompaña o rexemento. Vas tocando a gaita. Esencialmente penso que o primeiro compromiso é coa escrita, a intencionalidade de desenvolver unha escrita o máis poética e de calidade posíbel. O segundo é coa lingua, o feito de escribir en galego é xa unha definición. Ás veces dinme que unha característica da miña obra

é a riqueza lingüística e eu entendo que iso fai parte do labor do escritor, restaurar as palabras, en especial, nunha lingua deturpada como a nosa. Aprendín de Valente a necesidade de recuperar as palabras da tribo. Un escritor ten que intentar poñer en pé o idioma literario, o máis autóctono e autónomo, con menos servidumes.

-Compre entón, desde a literatura, un esforzo por coidar a lingua e traballar coas palabras?

Con ese fin darei todas as voltas que haxa que dar. Xa o dicía Ferrín no seu prólogo ao meu libro *Informe da gavilla* no que falaba da morte ao castrapo, de laborar polo idioma. Concibo a miña preocupación polo galego como un combate político contra a lingua que nos intenta eliminar.

-Cando parte desa idea, que en principio tiña que ser natural, está a dicir que no ámbito literario hai quen non coida a lingua?

Digamos que hai xente cun idioma escrito extraordinario, pouca, e outra que non ten ese coidado e prefire tirar para adiante. Nomes coñecidos temos nos dous grupos. O que acontece é que cando tiras para adiante estaste subordinando ao español. A inmensa cantidade de información chega a través do español e cómpre ter unha actitude vixiante porque aínda que, como no meu caso, teña abandonado esa lingua hai corenta anos, percibes que está acazapada e compre esa actitude vixiante. Son dos que pensa que ese é o meu labor, do punto de vista literario, volver as palabras á tribo.

-Por que tira da figura de Espártaco para traela ao presente de maneira poética neste novo libro?

Trátase dunha figura que adquiriu unha sona extraordinaria. Arredor del fixéronse películas, libros e obras de artes. Simboliza a loita pola xustiza e tamén a capacidade, do punto de vista máis progresista, de vencer fronte ao poder. David e Goliat. É a metáfora da confianza nas propias forzas, de como un conxunto de persoas, sen exército nin armas, son quen de se enfrontar a maior maquinaria bélica do momento, con disciplina. Un exército de escravos vence ao imperio romano. É a metáfora do Vietcong, que derrota á maior máquina de matar, da loita dos tupamaros ou dos nosos compatriotas que derrotan o exército de

Napoleón. É a posta en marcha do desexo de xustiza. A loita pola xustiza só rematará cando o mundo desapareza.

"Desexaría subliñar que eu non marcho da miña editorial, é ela a que se nega a publicar o meu libro nesta norma cando, por outra parte, publica en portugués na revista Grial e non se negan a publicar en español".

-Nos seus versos sitúa as pateras ao pé de Rilke.

O libro tenta unir elementos diferentes con dous procedementos formais, un métrico e outro léxico. No métrico, óptase polo verso alexandrino, de catorce sílabas, de pegada clásica. Abordo un tema que se recoñece como panfletario, de tipo social, e vexo a necesidade de matizalo, harmonizalo e por iso emprego en todos os poemas a mesma métrica, sen abandonar até a derradeira liña o ritmo que arranca co primeiro poema. Esa harmonización, formalmente, representa que a idea de explotación, de inxustiza, é igual en todos lados. Por outro lado, busco a transversalidade coa constante recorrencia á toponimia. No libro hai arredor de 200 topónimos dos cinco continentes, un 40% galegos, que se interpretan de maneira diferente na nosa clave. Corcoesto e Angrois teñen outro significado para unha persoa galega. O aspecto de texto de combate vén contrabalanceado mediante procedementos formais, coa uniformidade do alexandrino e coa transversalidade polo uso de topónimos.

-O posfacio que inclúe no libro é menos contido. Aí o autor móstrase a corpo aberto, coa rabia que conduce á escrita.

No posfacio pode falar Vítor Vaqueiro como lle pete. Nos poemas é o poeta o que fala. Son unha persoa sincera e iso é o que queda á vista neste texto.



-Con toda a súa traxectoria, que supón publicar un novo libro?

Este libro presenta unha novidade que é a norma na que está escrito. Dalgunha maneira, é comezar un camiño novo. Tirando esa consideración máis formal, ninguén negará que está escrito en galego e, para comprobalo, abonda lelo en voz alta. Continúo a pensar o mesmo que desde o ano 83, outra cousa son as razóns polas que tardei trinta anos en dar o paso. Sigo na idea de que hai dúas maneiras de escribir, unha con ortografía española e outra portuguesa.

-Por esa razón tamén se produce un cambio no selo editorial no que publica, dunha editorial como Galaxia a outra como Através, que ocupan espazos ben distintos no mundo do libro.

No meu caso ese cambio é especialmente espectacular porque publiquei o meu primeiro libro en Galaxia hai agora 35 anos. Mudo unha editorial cunha longa historia por outra nova que non posúe a mesma potencia, mais non podía seguir adiando esa decisión. Desexaría subliñar que eu non marchó da miña editorial, é ela a que se nega a publicar o meu libro nesta norma cando, por outra parte, publica en portugués na revista Grial e non se negan a publicar en español. Galaxia abre unha liña en español para publicar en España e en Latinoamérica e non crea outra en portugués para levar a nosa produción literaria a un mercado que é o noso tronco lingüístico e posúe máis de 250 millóns de persoas. A miña posición é a mantida polo nacionalismo e galeguismo desde Murguía e Imandades da Fala, con declaracións nese sentido dos

anos setenta de Ramón Piñeiro ou Alonso Montero, recoñecendo que galego e portugués son a mesma lingua. Malia iso, algo está a pasar cando xente coma Séchu Sendé, Teresa Moure, Verónica Martínez, Comba Campoy ou eu mesmo abandonamos a norma oficial e nos metemos nun territorio tan complexo, ou cando un sector importante da mocidade opta por escritas de natureza reintegracionista.

-Por que decide dar o paso?

A cuestión esencial é a tranquilidade comigo mesmo. Durante moitos anos acreditei na idea que se lanza desde a oficialidade de que aínda que non gustemos da norma oficial, por patriotismo hai que seguila. Chega un momento en que deixas de crelo e esa é a razón do abandono da normativa oficial.